

ACTUALIDADE

PALAS DE REI Contou coa presenza de máis de 60 congresistas

Expertos analizaron en Palas de Rei a problemática galega co medio ambiente

O Centro Comarca da Ulloa, en Palas de Rei foi o lugar elixido para acoller a edición número cincuenta e tres dos cursos de saúde ambiental que se enmarcan dentro do Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles 2000-2014, que conta co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS), baixo a dirección do profesor Don Francisco Peña Castiñeira.

CONTIDOS

A través de catro mesas redondas abordáronse distintas temáticas vinculadas ao sector ambiental nas que cobraron protagonismo a xestión da auga, dos residuos, o cambio climático e a xestión sostible dos recursos naturais.

VISITAS

O curso complementouse con visitas prácticas á ETAP e á EDAR municipais, á área recreativa da Peneda (Monterroso), aos petroglifos de Antas de Ulla, á Serra do Careón, aos Torrentes de Mácara, ao Castelo de Pambre e á Igrexa de Vilar de Donas.

CONFERENCIAS

O curso culminou con varias conferencias vinculadas ao turismo sostible e que se aglutinaron nunha mesa redonda que levaba por nome "A xestión sostible dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico da Bisbarra da Ulloa", contando coas intervencións de Antonio Rigüero, catedrático de Botánica Forestal e director da Estación Científica do Caurel da USC, María Nava, directora de Turismo da Xunta de Galicia, así como de José Luis Carrera e Jesús Quintá, xerentes de Arqueixal e Alibós respectivamente.



Acto de inauguración do Curso de Saúde Ambiental en Palas de Rei



Ponentes nunha das conferencias



Numeroso público acudiu ás diferentes xornadas



Visita á deputadora de Palas de Rei



Visita aos petroglifos de Antas de Ulla